Campo electrostático

Método e recomendacións

● Cargas puntuais

1. Dúas cargas eléctricas positivas de 3 nC cada unha están fixas nas posicións (2, 0) e (−2, 0) e unha carga negativa de −6 nC está fixa na posición (0,-1). Calcula:
   a) A enerxía electrostática do conxunto das tres cargas.
   b) O vector campo eléctrico no punto (0, 1).
   c) A aceleración que experimentaría un protón situado no punto (0, 1).
   d) Colócase un protón no punto (0, 1) inicialmente en repouso e de xeito que é libre de moverse. Razoa se chegará ata a orixe de coordenadas e, en caso afirmativo, calcula a enerxía cinética que terá nese punto e a súa velocidade.
   e) Calcula o traballo necesario para levar o protón desde el punto (0, 1) ata a orixe.
   f) Indica o signo e o valor da carga que habería que situar no punto (0, 1), en vez do protón, para que o potencial eléctrico na orixe sexa nulo.
   g) Calcula a carga q_2 que habería que situar no punto (0, 1), en vez do protón, para que a intensidade do campo electrostático na orixe sexa nula.

   Datos: $K = 9·10^9$ N·m²·C⁻²; q(p) = 1,6·10⁻¹⁹ C; m(p) = 1,67·10⁻²⁷ kg. . As posicións están en metros.

   Problema *baseado en A.B.A.U. ord. 21, ord. 20, ord. 19*

   Rta.: a) $E = -1{,}25·10^{-7}$ J; b) $\overline{\boldsymbol{E}} = -8{,}67\ \overline{\mathbf{j}}$ N/C; c) $\overline{\boldsymbol{a}} = -8{,}31·10^8\ \overline{\mathbf{j}}$ N/C; d) $E_c = 3{,}86·10^{-18}$ J; $v = 6{,}80·10^4$ m/s; e) $W = -3{,}86·10^{-18}$ J; f) $q = 3{,}00$ nC; g) $q_2 = -6{,}00$ nC.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Valor da carga situada no punto A	$Q_A = 3{,}00$ nC $= 3{,}00·10^{-9}$ C
Valor da carga situada no punto B	$Q_B = 3{,}00$ nC $= 3{,}00·10^{-9}$ C
Valor da carga situada no punto C	$Q_C = -6{,}00$ nC $= -6{,}00·10^{-9}$ C
Posición do punto A	$\overline{\boldsymbol{r}}_A = (2{,}00,\ 0)$ m
Posición do punto B	$\overline{\boldsymbol{r}}_B = (-2{,}00,\ 0)$ m
Posición do punto C	$\overline{\boldsymbol{r}}_C = (0,\ -1{,}00)$ m
Posición do punto D no que calcular o vector campo eléctrico	$\overline{\boldsymbol{r}}_D = (0,\ 1{,}00)$ m
Velocidade inicial no punto D	$v_D = 0$
Posición do punto O ao que chega	$\overline{\boldsymbol{r}}_O = (0,\ 0)$ m
Valor da carga del protón	$q = 1{,}60·10^{-19}$ C
Masa do protón	$m = 1{,}67·10^{-27}$ kg.
Constante de Coulomb	$K = 9{,}00·10^9$ N·m²·C⁻²
Incógnitas	
Enerxía electrostática do conxunto das tres cargas	E
Intensidade do campo electrostático no punto D	$\overline{\boldsymbol{E}}_D$
Aceleración dun protón situado no punto D	a
Enerxía cinética que terá ao pasar pola orixe	E_{cO}
Velocidade do protón soltado no punto D ao pasar pola orixe	v
Traballo necesario para levar ao protón desde o punto D ata a orixe	W
Carga no punto D para que o potencial eléctrico na orixe sexa nulo	q
Carga no punto D para que o campo electrostático na orixe sexa nulo	q_2
Outros símbolos	
Distancia	r
Ecuacións	
Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r, dunha carga puntual, Q	$\vec{\boldsymbol{E}}=K\frac{Q}{r^2}\vec{\boldsymbol{u}}_r$
Principio de superposición	$\vec{\boldsymbol{E}}_A=\sum\vec{\boldsymbol{E}}_{A\,i}$
Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r, dunha carga puntual, Q	$V=K\frac{Q}{r}$
Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas	$V = \sum V_i$
Enerxía potencial eléctrica dunha carga, q, situada nun punto A	$E_{pA} = q · V_A$
Enerxía cinética dun corpo de masa m que se despraza con velocidade v	$E_c = ½\ m · v^2$

Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A e B	$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$
Enerxía potencial de cada interacción entre dúas cargas	$E_{p\,i} = K \dfrac{Q \cdot q}{r}$
Campo eléctrico	$\vec{E} = \dfrac{\vec{F}_E}{q}$
2.ª lei de Newton da Dinámica	$\overline{F} = m \cdot \overline{a}$
Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga, q, do punto A ao punto B	$W_{A \to B} = q\,(V_A - V_B)$

Solución:

a) A enerxía potencial de cada interacción entre dúas cargas vén dada pola expresión:

$$E_{p\,i} = K \frac{Q \cdot q}{r}$$

A enerxía total electrostática é a suma das enerxías das tres interaccións: AB; AC y BC.

$$E_{AB} = 9{,}00 \cdot 10^{9}\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}] \cdot 3{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{4{,}00\ [\text{m}]} = 2{,}03 \cdot 10^{-8}\ \text{J}$$

$$E_{AC} = 9{,}00 \cdot 10^{9}\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}] \cdot (-6{,}00 \cdot 10^{-9})\ [\text{C}]}{2{,}24\ [\text{m}]} = -7{,}24 \cdot 10^{-8}\ \text{J}$$

$$E_{BC} = 9{,}00 \cdot 10^{9}\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}] \cdot (-6{,}00 \cdot 10^{-9})\ [\text{C}]}{2{,}24\ [\text{m}]} = -7{,}24 \cdot 10^{-8}\ \text{J}$$

$$E = E_{AB} + E_{AC} + E_{BC} = 2{,}03 \cdot 10^{-8}\ [\text{J}] + (-7{,}24 \cdot 10^{-8}\ [\text{J}]) + (-7{,}24 \cdot 10^{-8}\ [\text{J}]) = -1{,}25 \cdot 10^{-7}\ \text{J}$$

Análise: Se a enerxía total se calculase como a suma das enerxías potenciais das tres cargas, o resultado duplicaríase, porque as interaccións contaríanse dúas veces. Por exemplo, a interacción A ↔ B aparece no cálculo da enerxía potencial da carga en A e tamén no cálculo da da carga en B.

b)



Faise un debuxo no que se sitúan os puntos A(2, 0), B(-2, 0), C(0, -1) e D(0, 1).

Debúxanse os vectores do campo no punto D, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido.

Os campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B son de repulsión, porque as cargas son positivas, e son do mesmo valor, porque as cargas e as distancias son iguais.

Pero o campo producido pola carga situada no punto C é de atracción, porque é negativa, e será maior que o creado pola carga situada no punto A, porque o punto C está máis cerca do punto D que o punto A, e a carga situada no punto C é maior que a carga situada no punto A.

Debúxase o vector suma que é o campo resultante, $\overline{E}_D$.

Como os campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B son do mesmo valor, a súas compoñentes horizontais anúlanse e a resultante de ambas será vertical e estará dirixida no sentido positivo do eixe *Y*. A súa medida será o dobre da compoñente vertical dunha delas.

O valor do campo resultante será a suma das compoñentes verticais de cada carga. Como o valor do campo creado pola carga situada no punto C é maior que a suma das compoñentes verticais dos campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B, a resultante dos tres campos estará dirixida no sentido negativo do eixe *Y*.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presencia de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q, separadas por unha distancia, r, vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e $\overline{u}_r$ o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, *r*, dunha carga puntual, *Q*, é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot \cancel{q}}{r^2} \vec{u}_r}{\cancel{q}} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Calcúlase a distancia entre os puntos A(2, 0) e D(0, 1):

$$\vec{r}_{AD} = \vec{r}_D - \vec{r}_A = 1{,}00\,\vec{j}\ [\text{m}] - 2{,}00\,\vec{i}\ [\text{m}] = (-2{,}00\,\vec{i} + 1{,}00\,\vec{j})\ \text{m}$$

$$r_{AD} = |\vec{r}_{AD}| = \sqrt{(-2{,}00\ [\text{m}])^2 + (1{,}00\ [\text{m}])^2} = 2{,}24\ \text{m}$$

Calcúlase o vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AD} = \frac{\vec{r}_{AD}}{|\vec{r}_{AD}|} = \frac{(-2{,}00\,\vec{i} + 1{,}00\,\vec{j})\ [\text{m}]}{2{,}24\ [\text{m}]} = -0{,}894\,\vec{i} + 0{,}447\,\vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de +3 nC situada no punto A:

$$\vec{E}_{DA} = 9{,}00 \cdot 10^9\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{3{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(2{,}24\ [\text{m}])^2} (-0{,}894\,\vec{i} + 0{,}447\,\vec{j}) = (-4{,}83\,\vec{i} + 2{,}41\,\vec{j})\ \text{N/C}$$

O campo no punto D, debido á carga de +3 nC, situada no punto B, é simétrico ao creado pola carga situada no punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{DB} = (4{,}83\,\vec{i} + 2{,}41\,\vec{j})\ \text{N/C}$$

A distancia do punto D ao punto C é: r_{DC} = |(0, 1,00) [m] – (0, –1,00) [m]| = 2,00 m.
O vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto C, é $\vec{j}$, o vector unitario do eixe *Y*.
Calcúlase o campo no punto D, debido á carga de –6 nC situada no punto C:

$$\vec{E}_{DC} = 9{,}00 \cdot 10^9\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{-6{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(2{,}00\ [\text{m}])^2} \vec{j} = -13{,}5\,\vec{j}\ \text{N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_D = \vec{E}_{DA} + \vec{E}_{DB} + \vec{E}_{DC} = (-4{,}83\,\vec{i} + 2{,}41\,\vec{j})\ [\text{N/C}] + (4{,}83\,\vec{i} + 2{,}41\,\vec{j})\ [\text{N/C}] + (-13{,}5\,\vec{j})\ [\text{N/C}] = -8{,}67\,\vec{j}\ \text{N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo está dirixido no sentido negativo do eixe Y.

c) Para calcular a aceleración do protón, calcúlase antes a forza eléctrica a partir do campo eléctrico, que é a forza sobre a unidade de carga positiva:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} \Rightarrow \vec{F} = q \cdot \vec{E}_D = 1{,}60 \cdot 10^{-19}\ [\text{C}] \cdot (-8{,}67\,\vec{j}\ [\text{N/C}]) = -1{,}39 \cdot 10^{-18}\,\vec{j}\ \text{N}$$

A aceleración calcúlase aplicando a segunda lei de Newton:

$$\vec{F} = m \cdot \vec{a} \Rightarrow \vec{a} = \frac{\vec{F}}{m} = \frac{-1{,}39 \cdot 10^{-18}\,\vec{j}\ [\text{N}]}{1{,}67 \cdot 10^{-27}\ [\text{kg}]} = -8{,}31 \cdot 10^8\,\vec{j}\ \text{m/s}^2$$

d) Ao colocar un protón no punto D(0, 1), o campo exercerá unha forza dirixida no mesmo sentido que o campo, sentido negativo do eixe *Y*. A carga será empuxada e pasará pola orixe O(0, 0).
Como a forza electrostática é unha forza conservativa, a enerxía mecánica consérvase.

$$(E_c + E_p)_O = (E_c + E_p)_D$$

$$E_{cO} + q \cdot V_O = E_{cD} + q \cdot V_D$$

Hai que calcular os potenciais eléctricos nos puntos D e O.

O potencial eléctrico nun punto, debido á presencia de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.
Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.
A ecuación do potencial eléctrico, *V*, nun punto situado a unha distancia, *r*, dunha carga puntual, *Q*, é:

$$V=K\frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.
Calcúlase o potencial no punto D debido á carga de +3 nC situada en A:

$$V_{\text{DA}}=9{,}00\cdot 10^{9}\ [\text{N·m}^{2}\cdot\text{C}^{-2}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(2{,}24\ [\text{m}])}=12{,}1\ \text{V}$$

O potencial no punto D debido á carga de +3 nC situada no punto B é o mesmo, xa que a distancia e a carga son as mesmas:

$$V_{\text{DB}} = 12{,}1\ \text{V}$$

Calcúlase o potencial no punto D debido á carga de −6 nC situada no punto C:

$$V_{\text{DC}}=9{,}00\cdot 10^{9}\ [\text{N·m}^{2}\cdot\text{C}^{-2}]\frac{-6{,}00\cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(2{,}00\ [\text{m}])}=-27{,}0\ \text{V}$$

O potencial eléctrico nun punto debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_{\text{D}} = V_{\text{DA}} + V_{\text{DB}} + V_{\text{DC}} = 12{,}1\ [\text{V}] + 12{,}1\ [\text{V}] + -27{,}0\ [\text{V}] = -2{,}8\ \text{V}$$

Faise o mesmo para calcular o potencial eléctrico na orixe O.
Calcúlase o potencial no punto O debido á carga de +3 nC situada no punto A:

$$V_{\text{OA}}=9{,}00\cdot 10^{9}\ [\text{N·m}^{2}\cdot\text{C}^{-2}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(2{,}00\ [\text{m}])}=13{,}5\ \text{V}$$

O potencial no punto O(0, 0) debido á carga de +3 nC situada en B(−2, 0) é o mesmo, xa que a distancia e a carga son as mesmas:

$$V_{\text{OB}} = 13{,}5\ \text{V}$$

Calcúlase o potencial no punto O debido á carga de −6 nC situada no punto C:

$$V_{\text{OC}}=9{,}00\cdot 10^{9}\ [\text{N·m}^{2}\cdot\text{C}^{-2}]\frac{-6{,}00\cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(1{,}00\ [\text{m}])}=-54{,}0\ \text{V}$$

Calcúlase o potencial eléctrico no punto O sumando os potenciais debidos a cada carga.

$$V_{\text{O}} = V_{\text{OA}} + V_{\text{OB}} + V_{\text{OC}} = 13{,}5\ [\text{V}] + 13{,}5\ [\text{V}] + (-54{,}0\ [\text{V}]) = -27{,}0\ \text{V}$$

Substituíndo os valores dos potenciais e tendo en conta que no punto D a velocidade é nula, a ecuación de conservación da enerxía quedaría:

$$E_{\text{cO}} + q\cdot V_{\text{O}} = E_{\text{cD}} + q\cdot V_{\text{D}}$$

$$E_{\text{cO}} + 1{,}60\cdot 10^{-19}\ [\text{C}]\cdot(-27{,}0\ [\text{V}]) = 0 + 1{,}60\cdot 10^{-19}\ [\text{C}]\cdot(-2{,}8\ [\text{V}])$$

Despexando, obtense o valor da enerxía cinética ao pasar pola orixe.

$$E_{\text{cO}} = 1{,}60\cdot 10^{-19}\ [\text{C}]\cdot(27{,}0 - 2{,}8)\ [\text{V}] = 3{,}9\cdot 10^{-18}\ \text{J}$$

A velocidade do protón na orixe obtense da expresión da enerxía cinética:

$$E_{\text{cO}} = ½\ m\cdot v^{2} \Rightarrow\ v=\sqrt{\frac{2\,E_{\text{cO}}}{m}}=\sqrt{\frac{2\cdot 3{,}9\cdot 10^{-18}\ [\text{J}]}{1{,}67\cdot 10^{-27}\ [\text{kg}]}}=6{,}8\cdot 10^{4}\ [\text{m/s}]$$

e)
O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p, asociada ao campo vectorial de forzas, de

tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \to B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q\,(V_A - V_B)$$

O traballo realizado pola forza do campo para levar un protón desde o punto D á orixe é:

$$W_{D \to O} = q\,(V_D - V_O) = 1{,}60 \cdot 10^{-19}\ [\text{C}] \cdot (-2{,}8 - (-27{,}0))\ [\text{V}] = 3{,}9 \cdot 10^{-18}\ \text{J}$$

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

$$W(\text{exterior}) = -W(\text{campo}) = -3{,}9 \cdot 10^{-18}\ \text{J}$$

Análise: O traballo faino a forza do campo. Se a cuestión é o traballo que hai que facer, podemos supoñer que é o traballo necesario para que chegue á orixe con velocidade cero. Xa que vén cunha enerxía cinética, o traballo será o valor da enerxía cinética cambiada de signo.

f) Para que o potencial na orixe sexa cero, debe ser certo que:

$$V_O = V_{OA} + V_{OB} + V_{OC} + V_{OD} = 0$$

Despéxase o valor do potencial eléctrico que debe crear a carga que se colocará no punto D.

$$V_{OD} = 0 - (-27{,}0\ [\text{V}]) = 27{,}0\ \text{V}$$

A carga que se debe colocar no punto D obtense a partir da ecuación do potencial eléctrico nun punto. A distancia do punto D(0,1) á orixe é de 1,00 m.

$$V = K\frac{q}{r} \Rightarrow q = \frac{V \cdot r}{K} = \frac{27{,}0\ [\text{V}] \cdot 1{,}00\ [\text{m}]}{9{,}00 \cdot 10^9\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}]} = 3{,}00 \cdot 10^{-9}\ \text{C} = 3{,}00\ \text{nC}$$

g) Para que a intensidade do campo electrostático na orixe sexa cero, debe ser certo que:

$$\vec{\boldsymbol{E}}_O = \vec{\boldsymbol{E}}_{OA} + \vec{\boldsymbol{E}}_{OB} + \vec{\boldsymbol{E}}_{OC} + \vec{\boldsymbol{E}}_{OD} = \vec{\mathbf{0}}$$

A distancia do punto A(2, 0) á orixe é: r_{AO} = 2,00 m; r_{CO} = r_{DO} = 1,00 m.
O vector unitario do punto O, tomando como orixe o punto A, é - $\bar{\mathbf{i}}$, o vector unitario do eixe X en sentido negativo.
Calcúlase o campo electrostático na orixe, creado pola carga de +3 nC situada no punto A:

$$\vec{\boldsymbol{E}}_{OA} = 9{,}00 \cdot 10^9\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{3{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(2{,}00\ [\text{m}])^2}(-\vec{\mathbf{i}}) = -6{,}75\,\vec{\mathbf{i}}\ \text{N/C}$$

O campo electrostático na orixe, debido á carga +3 nC, situado no punto B, é oposto ao creado pola carga situada no punto A. Está dirixido en sentido contrario:

$$\vec{\boldsymbol{E}}_{OB} = 6{,}75\,\vec{\mathrm{i}}\ \text{N/C}$$

A distancia do punto C(0, -1) á orixe é: r_{CO} = 1,00 m.
O vector unitario do punto O, tomando como orixe o punto C, é $\bar{\mathbf{j}}$, o vector unitario do eixe Y.
Calcúlase o campo electrostático na orixe, creado pola carga de −6 nC situada no punto C:

$$\vec{\boldsymbol{E}}_{OC} = 9{,}00 \cdot 10^9\ [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{-6{,}00 \cdot 10^{-9}\ [\text{C}]}{(1{,}00\ [\text{m}])^2}\vec{\mathbf{j}} = -54{,}0\,\vec{\mathbf{j}}\ \text{N/C}$$

A distancia do punto D(0, 1) á orixe é: r_{DO} = 1,00 m.
O vector unitario do punto, tomando como orixe o punto D, é - $\mathbf{\bar{j}}$, o vector unitario do eixe *Y* en sentido negativo.
Escríbese a expresión do vector de intensidade de campo electrostático na orixe, creado pola carga q_2 situada no punto D, en función da carga:

$$\vec{E}_{OD}=9{,}00\cdot 10^9\ [\mathrm{N\cdot m^2\cdot C^{-2}}]\cdot\frac{q_2}{(1{,}00\ [\mathrm{m}])^2}(-\vec{\mathbf{j}})\ =-9{,}00\cdot 10^9\cdot q_2\vec{\mathbf{j}}\ [\mathrm{N\cdot C^{-2}}]$$

Súmanse as expresións e faise igual ao vector $\mathbf{\bar{0}}$.

$$-6{,}75\vec{\mathbf{i}}\ [\mathrm{N/C}]+6{,}75\vec{\mathbf{i}}\,[\mathrm{N/C}]-54{,}0\vec{\mathbf{j}}\,[\mathrm{N/C}]-9{,}00\cdot 10^9\cdot q_2\vec{\mathbf{j}}\ [\mathrm{N\cdot C^{-2}}]=0\,\vec{\mathbf{i}}+0\,\vec{\mathbf{j}}$$

O valor da carga obtense despexando q_2:

$$q_2=\frac{-54{,}0\ [\mathrm{N/C}]}{9{,}00\cdot 10^9\ [\mathrm{N\cdot C^{-2}}]}=-6{,}00\cdot 10^{-9}\ \mathrm{C}=-6{,}00\ \mathrm{nC}$$

Análise: O valor podería deducirse inmediatamente, porque o punto D e o punto C están situados simetricamente no eixe Y respecto á orixe. As cargas en ambas deberán ser iguais para que se anule a súa contribución ao campo, do mesmo xeito que se anula a contribución das cargas situadas en A e B, no eixo X, que tamén son iguais. Teña en conta que a carga que cancela o campo non coincide co que cancela o potencial.

Algunhas das respostas e o seu cálculo poden verse coa folla de cálculo Electrostática (gal).
Na folla de cálculo, faga clic na pestana «Enunciado» na parte inferior e introduza os datos nas celas brancas con bordos azuis, e prema e escolla as magnitudes e unidades nas celas de cor salmón:

Enunciado	**Datos: K** =	$9{,}00\cdot 10^9$	$\mathrm{N\cdot m^2\cdot C^{-2}}$ ε' = 1
Dada a seguinte distribución de cargas, (en		nC	)
(coordenadas en		m	)
e os puntos D e G, calcula:			
a) O vector campo eléctrico no punto		D	
b) O vector forza sobre			
unha partícula de carga *q* =		$1{,}60\cdot 10^{-19}$	C
e masa m =		$1{,}67\cdot 10^{-27}$	kg
situada nese punto.			
c) A aceleración da partícula nese punto.			
d) O traballo necesario para desprazar a partícula			
anterior desde	o punto D ata o punto G		
e) A velocidade coa que pasa polo punto		G	
se a velocidade en D é *v*(D)=		0	m/s
f) A enerxía potencial do conxunto de cargas fixas			

	Coord X (m)	Coord Y (m)	Carga (nC)
Q_1	2	0	3
Q_2	−2	0	3
Q_3	0	−1	−6
Q_4			

	Coord X (m)	Coord Y (m)
D	0	1
G	0	0

Os resultados dos apartados a) b) c) d) e e) aparecen nas respostas:

Respostas			Cifras significativas:	3
	Compoñente x	Compoñente y	Módulo	Unidades
$\vec{E}$(C) =	0	−8,67	8,67	N/C
$\vec{F}$ =	0	$-1{,}39\cdot 10^{-18}$	$1{,}39\cdot 10^{-18}$	N
$\vec{a}$ =	0	$-8{,}31\cdot 10^{8}$	$8{,}31\cdot 10^{8}$	m/s²
V(D) =	−2,85	*V*(G) =	−27,0	V
W(ext.) = - *W*(campo D⟶G) =			$-3{,}86\cdot 10^{-18}$	J

S.I.

E_c(C) =	0	E_c(G) =	$3{,}86·10^{-18}$ J
		v(G) =	$6{,}80·10^4$ m/s
		Conjunto E_p =	$-1{,}25·10^{-7}$ J

Se desexa maior detalle nos resultados ou ver como se fixeron os cálculos, faga clic na parte inferior nunha das pestanas «Campo», «Potencial» e/ou «Enerxía_Potencial».
Os restantes apartados non os resolve esta folla de cálculo. Pode comprobar se os resultados obtidos son os correctos escribindo o valor da cuarta carga f) q = 3,00 nC, ou g) q_2 = −6,00 nC e comprobando que o potencial, no primeiro caso, ou o vector de intensidade de campo, no segundo, son nulos.
Datos:

O vector campo eléctrico no punto	G	Q_3	0	−1	−6
		Q_4	0	1	**3**
unha partícula de carga q =					
e masa m =			Coord X (m)	Coord Y (m)	
situada nese punto.		G	0	0	

Resultados:

	Compoñente x	Compoñente y	Módulo	Unidades	S.I.
$\vec{E}$(G) =	0	−81,0	81,0	N/C	
V(G) =	0			V	

Datos:

Q_4	0	1	**−6**

Resultados:

	Compoñente x	Compoñente y	Módulo	Unidades	S.I.
$\vec{E}$(G) =	0	0	0	N/C	
V(G) =	−81,0			V	

2. Nos vértices dun triángulo equilátero de 2 cm de lado sitúanse dúas cargas puntuais de +3 µC cada unha. Calcula:
   a) O campo electrostático nun dos vértices.
   b) A forza que actúa sobre a carga situada nese vértice.
   c) A carga que habería que colocar no centro do triángulo para que o conxunto das cargas quede en equilibrio.
   d) O potencial eléctrico en calquera vértice, tendo en conta a carga no centro.
   e) A enerxía potencial electrostática do conxunto das catro cargas.
   f) A enerxía posta en xogo para que o triángulo rote 45° arredor dun eixo que pasa polo centro e é perpendicular ao plano do papel.
   g) O traballo necesario para levar a carga situada no centro ata o punto medio dun lado.
   h) Se a masa da carga é de 0,250 g, e sóltase sen velocidade no centro do lado, calcula a súa velocidade cando pasa polo centro do triángulo.

   Datos: $K = 9·10^9$ N·m²·C⁻². *Problema baseado en P.A.U. xuño 08, xuño 11 e set. 14*

   Rta.: a) $\overline{\boldsymbol{E}} = 1{,}17·10^8$ N/C, na bisectriz cara ao exterior; b) $\overline{\boldsymbol{F}}$ = 351 N; c) q = −1,73 µC
   d) $V = 1{,}35·10^6$ V; e) E_p = 0; f) ΔE = 0; g) W(ext.) = −0,097 J; h) v = 28 m/s cara ao vértice oposto.

Datos	***Cifras significativas: 3***
Valor de cada carga fixa	Q = 3,00 µC = $3{,}00·10^{-6}$ C
Lonxitude do lado do triángulo equilátero	L = 2,00 cm = 0,0200 m
Masa da carga que se despraza	m = 0,250 g = $2{,}50·10^{-4}$ kg
Constante de Coulomb	$K = 9{,}00·10^9$ N·m²·C⁻²
Incógnitas	
Campo electrostático nun vértice	$\overline{\boldsymbol{E}}$
Forza que actúa sobre a carga situada nese vértice	$\overline{\boldsymbol{F}}$
Valor da carga que equilibre ás outras tres	q
Potencial eléctrico nun vértice	V

Enerxía potencial do conxunto das catro cargas	E_p
Enerxía para que o triángulo rote 45°	ΔE
Traballo para levar a carga do centro ata o punto medio dun lado	$W_{O\to D}$
A velocidade cando pasa polo centro do triángulo	v
Outros símbolos	
Distancia	r
Ecuacións	
Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r, dunha carga puntual, Q	$\vec{E}=K\frac{Q}{r^2}\vec{u}_r$
Principio de superposición	$\vec{E}_A=\sum\vec{E}_{A\,i}$
Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r, dunha carga puntual, Q	$V=K\frac{Q}{r}$
Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas	$V = \sum V_i$
Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga, q, do punto A ao punto B	$W_{A\to B} = q\,(V_A - V_B)$
Campo eléctrico	$\vec{E}=\frac{\vec{F}_E}{q}$
Enerxía potencial electrostática dunha carga, q, nun punto A	$E_{pA} = q \cdot V_A$
Enerxía potencial electrostática dunha interacción entre dúas cargas puntuais, Q e q, a unha distancia, r, unha da outra	$E_{p\,i}=K\frac{Q\cdot q}{r}$
Enerxía potencial electrostática dun conxunto de cargas	$E_p = \sum E_{p\,i} = \frac{1}{2}\sum E_{p\,q}$
Enerxía cinética dun corpo de masa m que se despraza con velocidade v	$E_c = \frac{1}{2}\,m \cdot v^2$
Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A y B	$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$

Solución:

a) Faise un debuxo situando as cargas nos vértices A e B do lado horizontal, que se elixe como base, e o punto C será o outro vértice.



Debúxanse os vectores de campo eléctrico no vértice C, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido. Os campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B son de repulsión, porque as cargas son positivas.
Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son as mesmas, os vectores serán da mesma medida.
Debúxase a suma vectorial, que é o campo resultante, $\overline{\boldsymbol{E}}_C$.
As compoñentes horizontais dos campos creados polas cargas anúlanse, e a resultante irá no sentido positivo do eixe Y. O valor da resultante será a suma das compoñentes verticais de cada campo, e, como son dous, medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.
O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presencia de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.
Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.
A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q, separadas por unha distancia, r, vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e $\overline{\boldsymbol{u}}_r$ o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E=K\frac{Q\cdot q}{r^2}\vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r, dunha carga puntual, Q, é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E}=\frac{\vec{F}_E}{q}=\frac{K\frac{Q\cdot \cancel{q}}{r^2}\vec{u}_r}{\cancel{q}}=K\frac{Q}{r^2}\vec{u}_r$$

A distancia entre os puntos A e C é o lado del triángulo: $r = L = 2{,}00$ cm $= 0{,}0200$ m.
Cando se coñece o ángulo α que forma un vector co eixe X, o vector unitario calcúlase coa expresión: $\overline{\boldsymbol{u}}_r = \cos\alpha\,\overline{\mathbf{i}} + \operatorname{sen}\alpha\,\overline{\mathbf{j}}$. O vector unitario do punto C, tomando coma orixe o punto A é:

$$\vec{u}_{AC} = \cos 60° \, \vec{\mathbf{i}} + \text{sen}\, 60° \, \vec{\mathbf{j}} = 0{,}500 \, \vec{\mathbf{i}} + 0{,}866 \, \vec{\mathbf{j}}$$

Calcúlase a intensidade de campo electrostático no punto C, debido á carga de 3 µC situada en A:

$$\vec{E}_{CA} = 9{,}00 \cdot 10^9 \, [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3{,}00 \cdot 10^{-6} \, [\text{C}]}{(0{,}0200 \, [\text{m}])^2} (0{,}500 \, \vec{\mathbf{i}} + 0{,}866 \, \vec{\mathbf{j}}) \; = (3{,}38 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{i}} + 5{,}85 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{j}}) \text{ N/C}$$

O campo electrostático no punto C, debido á carga de 3 µC situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixido en sentido contrario:

$$\vec{E}_{CB} = (-3{,}38 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{i}} + 5{,}85 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{j}}) \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, a intensidade de campo electrostático resultante no punto C é a suma vectorial das intensidades de campo debidas a cada carga, agás a que se atopa nese punto.

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB} = (3{,}38 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{i}} + 5{,}85 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{j}}) \, [\text{N/C}] + (-3{,}38 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{i}} + 5{,}85 \cdot 10^7 \, \vec{\mathbf{j}}) \, [\text{N/C}] = 1{,}17 \cdot 10^8 \, \vec{\mathbf{j}} \text{ N/C}$$

Análise: A dirección do campo resultante é vertical cara arriba, como se ve no debuxo.

Unha resposta xeral independente de como se elixiron os vértices sería: o campo electrostático no terceiro vértice vale $1{,}17 \cdot 10^8$ N/C e está dirixido segundo a bisectriz do ángulo cara ao exterior do triángulo.

b) Como a intensidade do campo electrostático nun punto é a forza sobre a unidade de carga positiva colocada nese punto, pódese calcular a forza electrostática sobre a carga de 3 µC a partir do vector de intensidade de campo electrostático:

$$\vec{F} = q \cdot \vec{E} = 3{,}00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot 1{,}17 \cdot 10^8 \, \vec{\mathbf{j}} \, [\text{N/C}] = 351 \, \vec{\mathbf{j}} \text{ N}$$

Unha resposta xeral independente de como se elixiron os vértices sería:
A forza electrostática sobre a carga situada nun vértice vale 351 N e está dirixido segundo a bisectriz do ángulo, cara ao exterior do triángulo.

c) Para calcular a carga que habería que colocar no centro do triángulo para que o conxunto quede en equilibrio, búscase a carga que, situada no centro do triángulo, exerza un campo electrostático no vértice C que anule o que producen as cargas situadas nos outros vértices.

$$\vec{E}_{CO} = -(\vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB})$$

Calcúlase primeiro a distancia do centro do triángulo ao vértice:



$$\cos 30° = \frac{1 \, [\text{cm}]}{d}$$

$$d = \frac{1 \, [\text{cm}]}{0{,}866} = 1{,}15 \text{ cm} = 0{,}0115 \text{ m}$$

Chamando q á carga situada no centro O, debe cumprirse que o campo electrostático creado por ela sea oposto ao que producen as cargas situadas nos outros vértices:

$$\vec{E}_{CO} = 9{,}00 \cdot 10^9 \, [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{q}{(0{,}0115 \, [\text{m}])^2} \vec{\mathbf{j}} = -1{,}17 \cdot 10^8 \, \vec{\mathbf{j}} [\text{N/C}]$$

$$q = \frac{-1{,}17 \cdot 10^8 \, [\text{N/C}] \cdot (0{,}0115 \, [\text{m}])^2}{9{,}00 \cdot 10^9 \, [\text{N·m}^2 \cdot \text{C}^{-2}]} = -1{,}73 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

d)
O potencial eléctrico nun punto, debido á presencia de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.
Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.
A ecuación do potencial eléctrico, V, nun punto situado a unha distancia, r, dunha carga puntual, Q, é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.
Calcúlanse os potenciais electrostáticos no vértice C, debidos a cada unha das cargas:

$$V_{CA}=9{,}00\cdot 10^9\ [\text{N·m}^2\cdot\text{C}^{-2}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-6}\ [\text{C}]}{(0{,}0200\ [\text{m}])}=1{,}35\cdot 10^6\ \text{V}$$

$$V_{CB} = V_{CA} = 1{,}35\cdot 10^6\ \text{V}$$

$$V_{CO}=9{,}00\cdot 10^9\ [\text{N·m}^2\cdot\text{C}^{-2}]\frac{-1{,}73\cdot 10^{-6}\ [\text{C}]}{(0{,}0115\ [\text{m}])}=-1{,}35\cdot 10^6\ \text{V}$$

O potencial eléctrico é a suma:

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} + V_{CO} = 1{,}35\cdot 10^6\ [\text{V}] + 1{,}35\cdot 10^6\ [\text{V}] - 1{,}35\cdot 10^6\ [\text{V}] = 1{,}35\cdot 10^6\ \text{V}$$

e, f) A enerxía potencial de cada interacción entre dúas cargas vén dada pola expresión:

$$E_{p\,i}=K\frac{Q\cdot q}{r}$$

A enerxía total electrostática é a suma das enerxías das seis interaccións: AB, AC, BC, AO, BO e CO.
A tres primeiras valen o mesmo, porque as cargas e as distancias son iguais:

$$E_{AB}=E_{AC}=E_{BC}=9{,}00\cdot 10^9\ [\text{N·m}^2\cdot\text{C}^{-2}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-6}\ [\text{C}]\cdot 3{,}00\cdot 10^{-6}\ [\text{C}]}{0{,}0200\ [\text{m}]}=4{,}05\ \text{J}$$

E as tres últimas tamén valen o mesmo, porque as cargas e as distancias volven ser iguais:

$$E_{AO}=E_{BO}=E_{CO}=9{,}00\cdot 10^9\ [\text{N·m}^2\cdot\text{C}^{-2}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-6}\ [\text{C}]\cdot(-1{,}73\cdot 10^{-6})\ [\text{C}]}{0{,}0115\ [\text{m}]}=-4{,}05\ \text{J}$$

$$E = E_{AB} + E_{AC} + E_{BC} + E_{AO} + E_{BO} + E_{CO} = 3\cdot 4{,}05\ [\text{J}] + 3\cdot(-4{,}05\ [\text{J}]) = 0$$

Análise: Se se calculase a enerxía total como a suma das enerxías potenciais das seis cargas, o resultado daría o dobre, porque estaríanse a contar as interaccións dúas veces. Por exemplo a interacción AB aparece no cálculo da enerxía potencial da carga en A e tamén no da carga en B.

Como ao xirar 45°, as distancias relativas non cambian, a enerxía da nova disposición é a mesma, e a enerxía total requirida é cero.

g) Chámase punto D ao centro do lado AB.
O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p, asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V=\frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A\to B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q\cdot V_A - q\cdot V_B = q\,(V_A - V_B)$$

Calcúlanse os potenciais no punto O debidos a cada carga, excepto a que se move. Son todos iguais, porque as cargas e as distancias son iguais:

$$V_{OA}=V_{OB}=V_{OC}=9{,}00\cdot 10^9\ [\text{N·m}^2\cdot\text{C}^{-2}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-6}\ [\text{C}]}{(0{,}0115\ [\text{m}])}=2{,}34\cdot 10^6\ \text{V}$$

O potencial eléctrico no punto O é a suma:

$$V_O = V_{OA} + V_{OB} + V_{OC} = 3\cdot 2{,}34\cdot 10^6\ [\text{V}] = 7{,}01\cdot 10^6\ \text{V}$$

Calcúlanse os potenciais no punto D, debidos a cada carga, excepto a que se move.

O potencial no punto D, debido a cada unha das cargas do lado AB é:

$$V_{DA} = V_{DB} = 9{,}00\cdot 10^{9}\ [\mathrm{N\cdot m^2\cdot C^{-2}}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-6}\ [\mathrm{C}]}{(0{,}0100\ [\mathrm{m}])} = 2{,}70\cdot 10^{6}\ \mathrm{V}$$

A distancia do vértice C ao centro D do lado oposto vale:



$$h = \sqrt{(2{,}00\ [\mathrm{cm}])^2 - (1{,}00\ [\mathrm{cm}])^2} = \sqrt{3{,}00\ [\mathrm{cm}]^2} = 1{,}73\ \mathrm{cm} = 0{,}0173\ \mathrm{m}$$

Calcúlase o potencial no punto D, debido á carga situada no vértice C:

$$V_{DC} = 9{,}00\cdot 10^{9}\ [\mathrm{N\cdot m^2\cdot C^{-2}}]\frac{3{,}00\cdot 10^{-6}\ [\mathrm{C}]}{(0{,}0173\ [\mathrm{m}])} = 1{,}56\cdot 10^{6}\ \mathrm{V}$$

O potencial eléctrico no punto D é a suma:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} + V_{DC} = 2 \cdot 2{,}70\cdot 10^6\ [\mathrm{V}] + 1{,}56\cdot 10^6\ [\mathrm{V}] = 6{,}96\cdot 10^6\ \mathrm{V}$$

O traballo realizado polas forzas do campo electrostático cando se move unha carga q = −1,73 µC desde o punto O ao D é:

$$W_{O\to D} = q\,(V_O - V_D) = -1{,}73\cdot 10^{-6}\ [\mathrm{C}] \cdot (7{,}01\cdot 10^6 - 6{,}96\cdot 10^6)\ [\mathrm{V}] = -0{,}08\ \mathrm{J}$$

Análise: Pérdense dúas cifras significativas ao restar. Se se empregasen 6 cifras significativas, o resultado sería: $W_{O\to D} = q\,(V_O - V_D) = -1{,}73205\cdot 10^{-6} \cdot (7{,}01481\cdot 10^6 - 6{,}95885\cdot 10^6) = -0{,}09693$ J

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

